



Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o “Proxecto de Decreto sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas”, emítase o seguinte,

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúelle a esta Comunidade Autónoma as funcións que sobre o réxime local lle corresponden á Comunidade Autónoma ao abeiro do artigo 148.1.18 da Constitución.

No exercicio desas competencias esta Comunidade Autónoma ditou o Decreto 101/1983, do 14 de xullo sobre libros de actas de acordos e resolucións das corporacións locais e o Decreto 418/2001, do 29 de novembro, polo que se regula o papel numerado especial da Comunidade Autónoma de Galicia para o uso das corporacións locais.

2. Necesidade e oportunidade

As entidades locais están obrigadas a formalizar as actas dos seus órganos colexiados e as resolucións da súa presidencia, nos correspondentes libros de actas e de resolucións, sendo considerados instrumentos públicos solemnes e obrigatorios segundo o artigo 52.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime Local.

Tanto no Decreto 101/1983, do 14 de xullo sobre libros de actas de acordos e resolucións das corporacións locais como no Decreto 418/2001, do 29 de novembro, polo que se regula o papel numerado especial da Comunidade Autónoma de Galicia para o uso das corporacións locais recóllese como sistema de transcripción o mecánico.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público



atopámonos cun escenario normativo de consolidación da administración dixital nas diversas administracións públicas.

Tanto a Lei 39/2015 como a Lei 40/2015, do 1 de outubro xeneralizan o emprego de medios electrónicos. Os artigos 26.1 e 70.2 da Lei de procedemento administrativo común, exigen a constancia en soporte electrónico dos expedientes. O artigo 40.1 da Lei de réxime xurídico do sector público recolle a obriga de almacenar electronicamente todos os documentos que se empreguen nas actuacións administrativas salvo que iso non sexa posible. En consecuencia , a tramitación electrónica non pode ser considerada como unha forma especial de xestión dos procedementos, senón a forma ordinaria, polo que resulta imprescindible aplicar a obriga da levanza dos libros de actas e resolucións.

O Proxecto de Decreto sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas é a resposta á necesidade das administracións públicas de adecuarse ás novas tecnoloxías e mais en concreto de empregar o soporte electrónico nos libros de actas e resolucións das entidades locais.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta debe acomodarse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA)

Así, a Dirección Xeral de Administración Local, centro directivo impulsor remitiu ao Servizo Técnico Xurídico o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria xustificativa (artigo 41.2.a da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- Unha memoria económica (artigo 41.2.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- Unha táboa de vixencias (artigo 41.2.d da Lei 16/2010, do 17 de decembro).



Así mesmo consta o acordo previo de inicio do procedemento de elaboración da dita disposición asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (art. 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro)

Seguidamente, o Servizo Técnico-Xurídico obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigo 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

Así mesmo o órgano tramitador, o Servizo Técnico Xurídico, someteu o proxecto á audiencia da Presidencia e do resto de Consellerías da Xunta de Galicia así como da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e dos Colexios Oficiais de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Consta no expediente a memoria da Dirección Xeral de Administración Local de 4 de outubro de 2017 sobre as alegacións formuladas durante os trámites de audiencia e exposición pública, téndose presentado alegacións por Benedito Álvarez García, Miguel Iglesias Martínez, O Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local de Pontevedra e a FEGAMP.

De conformidade co disposto no artigo 42 da LOFAXGA, foi preciso solicitar informe económico-financeiro á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e o informe sobre cuestións de legalidade e técnica normativa da Asesoría Xurídica Xeral.



Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.

O 1 de setembro de 2017 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o preceptivo informe sobre o proxecto de decreto.

O 15 de setembro de 2017 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable sobre o proxecto de decreto.

Finalmente, o 28 de decembro de 2017 a Asesoría Xurídica emitiu o correspondente informe no que realiza unha serie de observacións, tanto de técnica normativa como respecto ao contido do articulado.

Dende a Dirección Xeral de Administración Local, e co fin de adecuarse ao informe da Asesoría Xurídica, remítese a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa da adaptación parcial do texto do proxecto de decreto ao informe da Asesoría Xurídica.
- Memoria xustificativa complementaria.
- Texto do proxecto de decreto adaptado ao informe da Asesoría Xurídica.

4. Legalidade

En cumprimento do disposto no artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase a informe do Consello Consultivo de Galicia previa a súa aprobación definitiva pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Seguidamente, o proxecto someterase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co dito artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.



De acordo co indicado, e logo da proposta elevada pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza